

ACTA DE ENTREGA A PROL DO CONCELLO DE POIO DO TREITO INICIAL DA PO-308 (PP.QQ 0+000 AO 0+320) XUNTO CO SEU DOMINIO PÚBLICO VIARIO (DPV) E O DOMINIO PÚBLICO VIARIO DAS MARXES DA PO-308 (PP.QQ 0+320 AO 0+480) AGÁS CALZADA E BEIRAVÍAS

COMPARECE

Dunha parte, Yago Borrajo Sánchez, secretario xeral técnico da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, da Xunta de Galicia, por delegación da conselleira en virtude da Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e en outros órganos e entidade públicos adscritos a esta consellería (DOG 20/09/2017) en representación desta consellería.

Doutra parte, Ángel Moldes Martínez, na súa condición de alcalde do Concello de Poio, en representación desta entidade.

EXPOÑEN

O Concello de Poio e á Axencia Galega de Infraestruturas asinaron o día 28/01/2025 un convenio de colaboración para a humanización da estrada autonómica PO-308 ao seu paso polo Concello de Poio.1ª fase. A sinatura deste convenio supón o acordo entre ámbalas dúas administracións para a tramitación do expediente de cambio de titularidade, onde o concello se obriga a aceptar a transferencia de titularidade proposta no convenio.

Mediante o Decreto 72/2025, do 4 de agosto, (DOG núm. 153 do 12 de agosto de 2025),a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou o cambio de titularidade a favor do Concello de Poio do treito inicial da PO-308 (pp.qq. 0+000 ao 0+320) xunto co seu dominio público viario (DPV) e o dominio público viario das marxes da PO-308 (pp.qq 0+320 ao 0+480) agás calzada e beiravías.

De acordo co establecido no artigo 3 do Decreto 72/2025, do 4 de agosto, a entrega dos bens formalizarase no prazo dos tres meses seguintes a esta publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

En cumprimento do disposto no decreto de aprobación de cambio de titularidade e de



conformidade co artigo 18.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia,

ACORDAN

Formalizar o cambio de titularidade a favor do Concello de Poio de:

Clave	A transferir	PQ _i	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29)	PQ _f	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29)	Lonx. (m)
PO-308	Treito inicial PO-308 máis o seu DPV (de Int. PO-531 ata a int. coa PO-310)	0+000	x= 528.419 y=4.698.028	0+320	x= 528.186 y= 4.698.039	320
PO-308	DPV das marxes da PO-308, agás calzada e beiravías	0+320	x= 528.186 y= 4.698.039	0+480	x= 528.056 y= 4.697.991	-


E para que así conste, as partes asinan electronicamente este documento.

O alcalde do Concello de Poio, Ángel Moldes Martínez

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas P.D (Orde de 7 de setembro de 2017 (DOG 20/09/2017) , o Secretario Xeral, Yago Borrajo Sánchez

ANEXO I . PLANOS





528.200

528.400

4.698.400

4.698.400

4.698.200

4.698.200

4.698.000

4.698.000

4.697.800

4.697.800

528.200

528.400

Nº	a transferir	Lonx.(m)
1	Treito inicial da PO-308 (Pks 0+000 a 0+320)	320
2.1	DPV marxe dereita PO-308 (Pks 0+320 a 0+480) agás calzada e beiravías	188
2.2	DPV marxe esquerda PO-308 (Pks 0+320 a 0+480) agás calzada e beiravías	129



P.K. ou Inicio/Final da transferencia	UTM X	UTM Y
Inicio Pk 0+000 PO-308	528.419	4.698.028
Final Pk 0+320 PO-308	528.186	4.698.039
Pk 0+320 PO-308	528.186	4.698.039
Pk 0+480 PO-308	528.056	4.697.991

Convenio colaboración AXI e Concello de Poio para a humanización da PO-308 (1ª Fase) incluíndo a transferencia a prol do Concello de Poio do:

- treito inicial da PO-308 (Pks 0+000 a 0+320) xunto co seu DPV
- DPV das marxes da PO-308 (Pks 0+320 a 0+480) agás calzada e beiravías

- Eixos a transferir ao Concello segundo o Convenio
- Puntos quilométricos da transferencia
- Eixo viario transferido anteriormente a Concello
- Eixo viario autonómico
- × Fito quilométrico autonómico
- Eixo viario estatal
- Límite municipal do Concello de Poio

1:3.000